

## **PRACTICA 1 (bis)**

### **RECOÑECIMIENTO DE PROTEÍNAS**

**Obxectivo:** Empregar o reactivo do Biuret para recoñecer a presenza de enlaces peptídicos nas substancias problema.

**Fundamento:**

O reactivo de Biuret contén ións de  $\text{Cu}^{+2}$  que nun medio fortemente básico forman un complexo fortemente coloreado de violeta cos átomos que forman o enlace peptídico. Desta maneira este reactivo é capaz de delatar a presenza nas disolucións de proteínas e outras substancias que conteñan este tipo de enlace (dipéptidos, oligopéptidos, etc.). Como a intensidade da cor depende da concentración da substancia en cuestión pode facerse unha determinación cuantitativa en función dese parámetro.

**Materiais e Métodos:**

Tubos de ensaio  
Solución de  $\text{CuSO}_4$  1%  
Solución de NaOH 20%

**Protocolo:**

Tomar 3 mL da disolución problema e engadir unhas gotas (4-5) de Sulfato de Cobre e 3 mL de Sosa 20%. Mesturar ben.

### **RECOÑECIMIENTO DE LÍPIDOS**

**Obxectivo:** Usar un reactivo específico para poñer de manifesto a presenza de lípidos nunha mostra.

**Fundamento:**

Os lípidos tínguense selectiva e intensamente de cor roxo-laranxa co colorante Sudán III

**Material e Métodos:**

Tubos de ensaio  
Solución alcohólica comercial de Sudán III

**Protocolo:**

Poñer nun tubo de ensaio 2 mL de aceite e engadir unhas gotas de Sudán III